



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 827 Semana do 1 ao 7 de abril de 2019

URXE DERROGAR AS REFORMAS LABORAIS, REPOÑER OS DEREITOS DOS TRABALLADORES E AMPLIAR A PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

UGT-GALICIA DENUNCIA QUE UN MES MÁIS: EMPREGO TEMPORAL, ESTACIONAL E PRECARIO

En Galicia, para consolidar un afiliado á Seguridade Social, fanse máis de dez contratos

Redacción.- Os datos de desemprego feitos públicos este martes evidencian, un mes máis, emprego temporal, estacional e precario. É dicir, á vista das estatísticas conséntase que o mercado laboral é fráxil e inxusto. Ademais, tamén resulta evidente que a precariedade non impera só no emprego, senón tamén no desemprego. Por todo isto, UGT-Galicia considera que urxe a derogación das dúas últimas reformas laborais, que se repoñan os dereitos dos traballadores e ampliar a protección por desemprego, modificando os criterios de acceso ás prestacións e establecendo actuacións no marco das políticas activas de emprego públicas.

Os datos do paro do mes de marzo indican que en Galicia este baixou un 1,7%. Hai nesta Comunidade un total de 170.841 persoas en situación de desemprego, 2.868 menos que no mes anterior. No resto do Estado a baixada foi dun 1% e hai 3.255.084 persoas desempregadas. En relación a hai un ano, o paro baixou un 7,7% en Galicia e un 4,9% no resto do Estado.

Un mes máis, as mulleres seguen a ser as grandes prexudicadas. Así, o desemprego baixou en Galicia un 2,9% entre os homes e tan só un 0,7% entre as mulleres. O 57,7% do total das persoas desempregadas en Galicia son mulleres, é dicir, 98.543 mulleres fronte a 72.298 homes.

Hai 8.450 mozos e mozas en situación de desemprego, caendo o paro neste grupo de idades, menores de 25 anos, nun 1,3% no mes e nun 7,4% no ano.

Por sectores de actividade, a contratación rexístrase en todos os sectores. 4,8% no primario; un 3,7% na construción; 2,4% na industria; e 1,5% nos servizos. Tan só medra no colectivo de sen emprego anterior, nun 1,3%.

En termos anuais o paro tamén baixa



en todos os sectores, con porcentaxes moi elevadas na construción, o 21,1%, na industria, o 10,5%, o 8,3% no primario, igual que no colectivo de sen emprego anterior, e no que menos nos servizos, nun 5,2%.

Sen embargo, en termos absolutos, no que máis se contrae o paro no mes e no sector servizos, en 1.752 persoas, ocupando o 61,1% da caída do desemprego.

A inestabilidade do mercado laboral galego reflíctese claramente nos altos índices de rotación na contratación. No mes fixéronse en Galicia 75.535 contratos, que se traduciron, tan só, nun incremento de 7.094 afiliados. É dicir, son necesarios máis de 10 contratos para consolidar un alta na Seguridade Social.

No mes medra tanto a contratación indefinida como a temporal, aínda que máis esta última. E no ano medra tan só a tem-

poral, nun 1%, fronte á baixa da indefinida nun 10,5%. A porcentaxe de contratación indefinida no mes é de tan só o 9,51%.

En canto á protección no desemprego, segue constatándose precariedade. O número de beneficiarios de prestacións foi de 94.630, cunha taxa de cobertura do 59,4%, deixando fóra do sistema a 79.079 persoas, tendo en conta tanto ás que teñen dereito a cobertura como as que non o xeraron previamente. No Estado a taxa de cobertura é superior, do 61%.

Ademais, a precariedade afecta tamén ás contías porque tan só son 44.344 (47%) as persoas beneficiarias de prestacións de carácter contributivo, o resto son asistenciais.

Por outra banda, o número de afiliados á Seguridade Social é de 1.004.405 persoas, medrando no mes o 0,7% e no ano nun 2%.

FALECE O COMPAÑEIRO JOSÉ PARADELO

Sindicalista comprometido coa súa terra e de fortes convicci3ns uxetistas

Redacci3n.- Este xoves faleceu o compañeiro José Paradelo Arias, nacido en Valdeorras (provincia de Ourense) en agosto de 1958.

Traballador da empresa CEDIE, en 1991 é elixido secretario de Organización da Unión Comarcal de Valdeorras, pasando a ser secretario xeral desta Unión e membro do Comité Nacional de UGT-Galicia no ano 2002.

No 2013, co proceso de reestruturación de UGT-Galicia, foi elixido secretario xeral da Unión Intercomarcal de Lemos – Valdeorras, pasando a ser secretario de Acción

Sindical no ano 2016.

En marzo del 2017 pasou a ser secretario do Sector de Minería no Congreso constituínte de UGT-FICA Galicia e membro do Equipo de traballo do Pleno do Sector mineiro a nivel estatal.

A Comisión Executiva de UGT-Galicia transmite o seu pesar e solidariedade aos familiares e amigos do noso compañeiro que tanto loitou polos dereitos dos traballadores, neste momento tan difícil para todos.

Descansa en paz, compañeiro.



ASINADO O CONVENIO COLECTIVO DE AMBULANCIAS, TRAS O RESPALDO DAS ASEMBLEAS AO ÚLTIMO PREACORDO

Redacci3n.- O pasado martes os traballadores e traballadoras do sector do transporte sanitario de Galicia déronlle o respaldo masivo ao preacordo, ao que tiñan chegado os representantes sindicais coa patronal, referido á parte social do convenio de ambulancias. Así, rexistráronse 310 votos a favor (98,42%), o que supón o refrendo case unánime.

Nas asembleas debatéronse os novos puntos que se incorporarán ao convenio e que supoñen importantes melloras na estabilidade laboral (mínimo do 90% de indefinidos) e das condicións dos contratos en prácticas (suba do 25% no primeiro ano e do 15% no segundo), dúas das grandes reivindicacións e asuntos centrais na convocatoria de folga.

Ademais, establécese un control da xornada a través dun rexistro obrigatorio con control sindical, así como, novas licencias ou o protocolo da muller embarazada con medidas moi avanzadas.

Nas anteriores asembleas aprobábase o preacordo para a parte económica que vai supoñer a maior suba económica neste sector, cun mínimo do 22% en toda a vixencia, ao sumar a suba liñal, a terceira paga extra e o cobro de todos os conceptos nas vacacións.

A aprobación, por parte dos traballadores, dos dous preacordos supuxo este xoves a sinatura definitiva do Convenio colectivo na sede do Consello Galego de Relacións Laborais en Santiago. Foi neste momento cando se fixo efectiva a desconvocatoria da folga indefinida, que se atopaba suspendida a expensas do que ocorrera na negociación.

Dende FeSP-UGT-Galicia saúdan un acordo que suporá importantes e significativas melloras para os traballadores do transporte sanitario en Galicia e detrás do cal tamén hai o esforzo de moitos compa-



ñeiros que en todo momento secundaron masivamente tanto as xornadas de folga como as mobilizacións convocadas. Unha vez máis, a presión dos traballadores na loita e defensa dos seus lexítimos dereitos deu o seu froito.

Lembrar que os traballadores iniciaron a convocatoria de folga o día 8 de febreiro ata o 11; a retomaron o 18 ata o 24; e do 4 ao 10 de marzo, sempre cun seguimento masivo. A partir do día 20 estaba prevista a folga indefinida que quedou en suspenso ante a posibilidade de pechar un acordo que, finalmente, fixose efectivo este xoves.

UGT GAÑA AS ELECCIÓNS EN CASTROSÚA E TELEVÉS

Redacci3n.- UGT vén de gañar as eleccións sindicais nas emblemáticas empresas compostelanas de Castrosúa e Televés, revalidando así a maioría absoluta que xa tiña no anterior proceso en ambos os dous casos.

Así, en Castrosúa UGT fíxose con

oito delegados, tres foron para CCOO e os dous restantes para a CIG.

No caso de Televés, UGT obtén seis delegados, dos nove que se elixían, e os outros tres foron para a CIG. Pola súa banda, CCOO perde a representación que tiña no proceso anterior.

UGT-FICA saúda os resultados, agradece a todos os traballadores e traballadoras a confianza depositada na xestión deste último mandato, tanto en Televés como en Castrosúa, e na previsión de traballo presentada por ambas candidaturas de cara aos vindeiros catro anos.

UGT REANUDA O SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO SOCIOLABORAL PARA INMIGRANTES NO SEU CENTRO DE OURENSE

Redacción.- UGT-Galicia vén de reanudar o servizo do Centro de información e asesoramento sociolaboral para inmigrantes (CIASI) en Ourense cuxas accións teñen como principal destinatario o colectivo de inmigrantes regulares de orixe non comunitario e que presenten un alto grado de vulnerabilidade, así como, inmigrantes que estean nunha situación de desemprego ou que desempeñen tarefas laborais en condicións precarias. Ademais, os traballos de información e asesoramento tamén van dirixidos a inmigrantes que desexen mellorar o seu nivel de empregabilidade.

O obxectivo final é acadar para os usuarios do centro itinerarios de inserción laboral individualizados e, para elo, realízanse tarefas de orientación sociolaboral; aténdense consultas en materia de estranxeiría; dáse axuda para a homologación de titulacións; dáse información sobre os trámites a seguir para acceder á nacionalidade española; tamén se achegan activi-

dades de alfabetización dixital, así como, cursos dirixidos a lograr capacidades profesionais que lles permitan aumentar as súas opcións de empregabilidade, así como outras consultas que os usuarios desexen realizar.

Neste contexto, dende o Centro infórmasse que se continúa impartindo o curso de preparación para o exame de coñecementos constitucionais e socioculturais de España, requisito necesario para a obtención da nacionalidade española.

O Centro está emprazado na sede de



CENTRO DE INFORMACIÓN Y ASESORAMIENTO SOCIOLABORAL PARA INMIGRANTES

UGT-Ourense-Valdeorras-Verín, en Parque de San Lázaro, número 12, planta baixa (Ourense) e o seu horario de atención ao público é de luns a venres, de 9 a 12 horas, e de luns a xoves, de 17 a 19.30 horas.

Este servizo, que desenvolve UGT-Galicia, atópase subvencionado pola Dirección Xeral de Integración e Atención Humanitaria, dependente do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, e é cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

CATRO FIRMAS AUXILIARES DO NAVAL DE FERROL INCUMPREN O CONVENIO

Non se descartan mobilizacións se non se lle dá solución ao problema

Redacción.- UGT-FICA-Ferrol denuncia que catro das empresas auxiliares que operan nas instalacións de Navantía continúan incumprindo o disposto no Convenio provincial siderometalúrxico tras a incorporación dos acordos de 2001 o pasado mes de febreiro.

FICA critica que as empresas Galictio, BisBilfinger, Caefer e Amarradores non cumpren coas táboas salariais pactadas – e feitas oficiais no mencionado convenio–, “sendo desleais co resto das empresas que

asumiron estas condicións”.

Cada unha destas empresas está aplicando diferentes convenios, Amarradores está aplicando un xa prescrito; Caefer aplica o da construción; BisBilfinger e Galictio tampouco están a cumprir co acordado.

UGT-FICA, xunto co resto dos sindicatos con maioría no sector, non descartan de cara aos vindeiros días a convo-



catoria de mobilizacións se non se soluciona o problema.

OS TRABALLADORES DE LEVANTINA REXEITAN O ERE DE EXTINCIÓN E COMEZAN AS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- Os traballadores de Levantina concentráronse este xoves diante do Concello de O Porriño antes de manter unha xuntanza coa alcaldesa para amosarlle o seu rexeitamento ao ERE que a empresa quere impoñer para a planta que o grupo ten nesta localidade pontevedresa.

O Grupo de Empresas Levantina presentou un ERE extintivo que afectaría a 201 traballadores, dos cales 168 están vinculados ás plantas de Alacante e 33 afectarían ao centro de produción de O Porriño.

UGT-FICA-Vigo considera que hai outras alternativas ao despedimento de 33 traballadores, polo que insta á Dirección a que mude os seus plantexamentos e se sente a negociar sen vetar ningunha proposta que poida presentar a parte social.

A planta da Levantina en O Porriño é un dos principais referentes da industria da pedra da comarca, por isto, administracións



e sindicatos teñen que facer un importante exercicio de responsabilidade e traballar polo mantemento do emprego e a capacidade produtiva.

UGT DENUNCIA QUE OS VIXIANTES DO HOSPITAL DO SALNÉS ENFRÓNTANSE SEN PROTECCIÓN A 400 INCIDENTES ANUAIS

Redacción.- En xaneiro deste ano o caixeiro automático do Hospital do Salnés se esfumaba por sorpresa. Alguén se introduciu de madrugada por unha das xanelas da área de administración, é de supoñer que abriu as portas do complexo a alguén, e entre os dous levaron o aparello sen que ninguén se decatase diso. Este incidente xa foi denunciado por representantes de FeSMC-UGT e relacionado coa falta de recursos humanos e materiais dos traballadores da seguridade privada deste

centro.

Onte, os representantes de seguridade do Sindicato reuníronse cos vixiantes que prestan os seus servizos no centro médico de Rubiáns. E o sindicato puido comprobar que os déficits denunciados persisten tamén neste centro.


FeSMC lembra que o hospital comarcal recibe diariamente a un elevado número de usuarios, que normalmente van acompa-

ñados. Segundo os seus cálculos, os episodios máis ou menos violentos aos que os vixiantes deben enfrontarse superan os catrocentos cada ano. Fano, denuncia a UGT, "sen ningún tipo de protección persoal, como luvas anticorte, espray de xel ou chalecos antitrauma, dos que si se dotou a outros centros da provincia". O sindicato chama a atención sobre o feito de que un só operario de seguridade controle o centro en cada quenda de traballo e reclama unha reunión co Sergas.

UGT DENUNCIA IMPAGOS DA CONCESIONARIA DE SEGURIDADE NO MONTE DE SAN PEDRO NA COURÑA

Redacción.- UGT denunciou ante a Inspección provincial de Traballo o impago de salarios e a falta de uniforme reglamentario dos vixiantes de seguridade que prestan os seus servizos no monte de San Pedro na Coruña.

Son traballadores da empresa Segurysystem, concesionaria do Concello, que aplica unha forte precarización dos servizos de seguridade, facendo unha política economicista e irresponsable.



DECLARACIÓN DO CONSELLO CONFEDERAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores, ao cumprirse oitenta anos do final da Guerra Civil española iniciada en 1936 por un golpe de estado militar, mostra a súa convicción en que a nosa democracia non alcanzará plena madurez ata que non comprendamos que o esquecemento é estéril, ademais de inxusto, e reconstruamos a nosa memoria colectiva sen medo, desde a transparencia, o respecto e a vontade inquebrantable de que non volva suceder.

Este aniversario é un doloroso recordo para unha organización como UGT, que foi ilegalizada e expoliada co final da guerra e o comezo da ditadura, e moitos de cuxos dirixentes e integrantes sufriron cárcere, torturas, traballos forzosos, exilio e morte polo feito de pertencer á organización e defender a República, ata constituír unha alta porcentaxe dos asasinados e desaparecidos. As vítimas e as súas familias teñen dereito ao recoñecemento, á reparación, ao apoio para localizar, identificar e recuperar aos seus familiares; é a propia democracia a que necesita unha comisión da verdade, e é a propia dignidade democrática a que converte en insoportable a permanencia aínda de cadáveres abandonados en fosas e cunetas. Ese é o auténtico sentido da imprescindible memoria histórica.

O Sindicato celebra precisamente nestes días o 130 Aniversario da súa fundación

en 1888, unha traxectoria onde a defensa dos dereitos laborais e sociais dos traballadores e traballadoras, e a mellora das súas condicións de vida, marcaron o camiño. O franquismo foi indubidablemente a etapa máis negra da nosa historia, superada polos seus afiliados e afiliadas asumindo grandes riscos, como a clandestinidade ou, mesmo, a súa integridade física.

Exilio, emigración, dereitos

España non só resultou empobrecida e devastada pola guerra, como posteriormente sería a práctica totalidade de Europa durante a Segunda Guerra Mundial; coa poboación que optou polo exilio en Europa e América, o país padeceu unha decapitalización en canto a talento artístico e técnico, e no interior as prácticas represivas da ditadura produciron unha perda equivalente. Así, comezou un proceso de desprazamentos de poboación de carácter internacional que, en 1951, levaron á firma da Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados, primeiro gran acordo do corpo de dereito internacional no que se establece que é un refuxiado e que asistencia deben recibir. É moi importante lembrar que esa convención elaborouse fundamentalmente



para Europa, para dar resposta aos millóns de refuxiados e desprazados no continente, porque agora son outras guerras as que impulsan a millóns de persoas ata fronteiras europeas, abandonándoo todo para fuxir da guerra, arriscándose á morte, o roubo, a extorsión, trátaa, a violencia... Non podemos sumar a todo iso o rexeitamento dunha España e unha Europa que parecen estar a esquecer o que son, e as feridas que superaron.

Ningún retroceso en dereitos

Case un século despois, para UGT,

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

como para boa parte dos expertos na historia do século XX, a Guerra Civil foi o prólogo da loita contra o fascismo, e as súas vítimas teñen o mesmo dereito á verdade e a reparación. Lembrar é hoxe máis necesario que nunca para fortalecer as nosas conviccións democráticas e para ser conscientes de que a intolerancia é sempre excluínte. A democracia, o pluralismo e a liberdade fixeron posible a paz, estabilidade e crecemento económico necesario para mellorar as condicións de

vida das persoas. Con todo, o ultraliberalismo económico dominante nas últimas décadas crebrou os consensos da posguerra, aqueles que—entre outras cousas—consideraban que a pobreza, as necesidades e as carencias da poboación eran un risco para a estabilidade. Abriuse paso á gran recesión, e con ela á reaparición de opcións políticas fundamentadas no extremismo, a intolerancia, e a xenofobia, situándonos novamente ante a necesidade de poñer en valor as nosas liberdades e actuar para defendelas.

Paz e democracia

Para UGT, os 80 anos transcorridos desde o final da nosa Guerra Civil son unha oportunidade para a reflexión colectiva, especialmente nun momento de transcendental importancia para o proxecto político europeo, así como do proxecto de España como país. É necesario facer un chamamento xeral á paz e a democracia, e actuar fronte a quen pretende servirse da frustración cidadá para devolvemos ao pasado. Por iso hoxe pedimos verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.

FARÁ CHEGAR AOS PARTIDOS POLÍTICOS QUE CONCORRAN ÁS ELECCIÓNS XERAIS TEMAS QUE AFECTAN Á VIDA DAS PERSOAS E DEBERÍAN CENTRAR OS DEBATES

UGT CHAMA Á MOBILIZACIÓN ELECTORAL PARA RECUPERAR DEREITOS E LIBERTADES



Redacción.- As organizacións sindicais UGT e CCOO presentaron o documento “10 Propostas para o Xiro Social”, un decálogo de temas que consideran fundamentais para a vida dos traballadores e traballadoras, e para a cidadanía en xeral, e sobre os que consideran que deberían centrarse os debates da inminente campaña electoral para as próximas eleccións xerais do 28 de abril de 2019.

Para o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, a próxima convocatoria electoral é “realmente transcendente” para conseguir que a próxima lexislatura sexa “de verdade, na que se nos devolvan dereitos e liberdades” porque “hai algunhas cousas que conseguimos, pero os elementos fundamentais das reformas laborais, dos recortes non nolos devolveron, e nese sentido está todo por facer”.

Onde está o PP en materia de pensións?

Entre as dez propostas figuran, efectivamente, a derogación das reformas laborais así como a derogación da reforma de pensións aprobada unilateralmente polo Goberno do Partido Popular. Neste sentido, e a preguntas dos xornalistas en relación con declaracións do asesor do PP

Daniel Lacalle, Álvarez afirmou que “é absolutamente impresentable que se utilice e fálese do sistema de pensións con tanta frivolidade. En todo caso, introduciu suficiente incerteza como para que hoxe haxa moitas persoas que se pregunten se o PP está no Pacto de Toledo, está na posición que mantivo tradicionalmente, ou quere ir a un sistema de pensións no que o elemento fundamental sexa a privatización. E tampouco oín ao señor Casado desmentir que sexa así”.

Álvarez -con lazo azul con motivo do Día Mundial para a Concienciación sobre o Autismo- pediu ás forzas políticas asistentes ao acto celebrado na Praza de Ópera de Madrid (PSOE, Cs, Podemos, EU, PCE, Compromís e Actúa) un compromiso de que darán “soporte a aquelas propostas posibles que nos acheguen ao 100 por cen” nas nosas posicións.

Máis transparencia, máis democracia, menos cloacas

O secretario xeral de UGT debullou durante a súa intervención algunhas das propostas que expoñen as organizacións sindicais, afirmando que “non nos serve esperar a un novo Estatuto dos Traballadores, queremos cambios antes. É tan di-

fícil de entender isto? Non podemos seguir coa situación na que están os despedimentos colectivos, teñen que volver ser causalizados e contar coa intervención da autoridade laboral”.

“É unha gran frustración – sinalou- que non se conseguiu derogar os elementos fundamentais que nos privan de liberdades; a lei mordaza continua vivente, a penalización aos piquetes de folga continúa vivente, hoxe non se pode exercer o dereito de folga en España de maneira libre, e iso é insoportable”. O secretario xeral de UGT concluíu a súa intervención cunha esixencia de transparencia e de acabar coas cloacas do Estado, porque “para poder vivir en liberdade, para poder desenvolver a nosa acción sindical en liberdade, para que non nos calumnien cada día, necesitamos unha policía ao servizo dos cidadáns e das cidadás. Imaxinarvos se é importante nestas eleccións non quedarse na casa”.

“Nós necesitamos que haxa unha votación maioritaria, acabar coa desigualdade que hai no noso país, e iso faise votando. A quen queiras, non imos pedir o voto para ninguén, pero, en todo caso, ser conscientes de que, en función de onde vaia o voto dependerá o noso futuro, o dos nosos fillos e dos nosos netos”, concluíu.

A DEPUTACIÓN PERMANENTE CONVALIDA AVANCES SOCIAIS IMPORTANTES PERO INSUFICIENTES

Redacción.- A convalidación dos Reais Decretos Lei de contido social son un avance, aínda que moi limitado, na recomposición do tecido normativo sobre o que se sustenta o Estado Social que foi destruído durante a crise

A Unión Xeral de Traballadores valora a decisión da Deputación Permanente do Congreso dos Deputados de validar os Reais Decretos Lei de contido social aprobados polo Goberno do España nas últimas semanas e que conteñen os avances sociais máis relevantes producidos durante toda a lexislatura que está a piques de concluír. O desinterese das forzas políticas por abordar as cuestións esenciais dunha axenda social ineludible tras anos de crises e recortes, e a súa incapacidade para alcanzar acordos sobre materias que afectan directamente as condicións de vida das persoas, confiren a estas últimas medidas gran relevancia a pesar de resultar manifestamente insuficientes.

O RDL 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación (BOE 07.03.19), establece dúas

medidas que UGT valora, como son a equiparación do permiso de paternidade ao de maternidade, como permiso individualizado e intransferible; e a ampliación do número de empresas que teñen a obrigaçión de establecer plans de igualdade (rebáixase o limiar de número de traballadores de empresas de máis de 250 a máis de 50). Con todo, a aplicación no tempo destas medidas faise progresiva, pospoñendo ata dous anos a súa plena aplicación.

Outra das debilidades da nova norma é que non se garanten os procesos de negociación dos plans de igualdade, o cumprimento das obrigacións nesta materia, así como a execución e avaliación dos mesmos. Pero, de nada servirá ampliar o número de empresas que deben adoptar medidas se non se reverte a reforma laboral para volver equilibrar as relacións laborais na negociación colectiva, e establécense legalmente as garantías de negociar os plans de igualdade.

No mesmo sentido, cabe valorar o RDL 8/2019, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo (BOE 12.03.19), que contén melloras nada des-

deñables da protección social –algunhas longamente reclamadas por UGT como a recuperación do subsidio para maiores de 52 anos-, pero insuficientes para combater as brechas de pobreza, desigualdade, e falta de protección social. Seguen sendo necesarias, por tanto, reformas encamiñadas a derrogar recortes, a recompoñer o sistema de prestacións por desemprego e ao desenvolvemento de políticas activas de emprego con medidas de aplicación inmediata especialmente para os parados de longa duración.

O RDL de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer era unha norma necesaria para reequilibrar as posicións de arrendadores e arrendatarios no mercado inmobiliario e para a creación dunha estatística oficial sobre prezos dos alugueres a partir da cal as administracións poidan establecer índices de prezos máximos nas zonas con mercados de aluguer máis tensionados. O campo de actuacións pendentes segue sendo inmenso aínda nesta área, dominada pola especulación e a opacidade, para avanzar cara a unha concepción da vivenda como dereito fundamental de cidadanía, subtraéndoo das prácticas e intereses especulativos dominantes.

EN BUSCA DUN CONVENIO CONTRA A “VIOLENCIA E ACOSO NO MUNDO DO TRABALLO”

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antuña, integrante do Comité de Mulleres da Confederación Sindical Internacional (CSI) participou na reunión preparatoria, que se desenvolveu en Bruxelas, previa á discusión sobre o establecemento de normas da Confederación Internacional do Traballo 2019 sobre “Violencia e acoso no mundo do traballo”. Unha reunión fundamental no camiño de arrinconar a violencia e acoso no ámbito laboral.

Neste sentido, a CSI e UGT, como sindicato integrante desta organización, apoian a elaboración dun Convenio efectivo sobre violencia e acoso no mundo do traballo. Un Convenio que debería exporse na Conferencia do Centenario da Organización Internacional do Traballo (OIT) que se celebrará en xuño de 2019.

ACSI insta ás súas organizacións a buscar o compromiso dos gobernos dos distintos países a que apoien esta iniciativa e apoien a posición sindical. Entre outras cuestións destacan: a necesidade de incluír unha definición conxunta de violencia e acoso, algo crucial

para evitar incertezas e lagoas en canto á protección, e establecer unha definición adecuada de traballador (co obxectivo de que todos no lugar de traballo estean protexidos da violencia e o acoso, independentemente de se contan cun contrato de emprego ou algún contrato de servizos similar, tanto se traballan na economía formal como na informal, ou se buscan emprego, traballan en prácticas, en voluntariado ou durante períodos de formación e aprendizaxe).

A CSI aclara que, aínda que o Convenio está destinado aos Gobernos, debe atribuír responsabilidades a todos:

* Os traballadores, que terán a responsabilidade de non acosar ou cometer actos de violencia cara aos seus colegas de traballo, incluídos os solicitantes de emprego etc..., nin cara a terceiras persoas como usuarios ou clientes. En caso de facelo poderían enfrontarse a medidas disciplinarias, incluíndo o



despedimento, ou mesmo a cargos penais dependendo da natureza do incidente. Terán ademais a obrigaçión de colaborar co empregador e cumprir calquera política e normas de comportamento establecidas respecto diso.

* Os empregadores, que terán a responsabilidade de establecer no lugar de traballo as políticas, formación, mecanismos de queixas, códigos de conduta, etc., que resulten necesarios.

* Os gobernos, que deberán introducir a lexislación e as medidas necesarias para transpoñer o Convenio e garantir a súa implementación.